

A consellaría bloquea a promoción da cultura galega en Nova York

O poeta e artista galego Francisco Álvarez 'Koki', que vive en Nova York e que ten colaborado en numerosas ocasións con Vieiros, presentoulle ao Instituto Cervantes na cidade estadounidense un proxecto de programación cultural de temática galega. A acción máis ambiciosa de promoción que se ía realizar na capital oficiosa do mundo contou co praxe inmediato do Cervantes, coa condición de que a Xunta o respaldase. Meses despois, agardando unha resposta da Xunta que nunca se produciu, o proxecto foi cancelado polo Cervantes.

- 12:30 30/05/2005

Ía ser a acción de promoción da cultura galega máis importante na historia dos Estados Unidos. O proxecto presentado por [Francisco Álvarez 'Koki'](#) incluía unha mostra sobre o libro galego, unha exposición fotográfica de [Ruth M. Anderson](#) ('Galiza 1924-26) dos fondos da Hispanic Society of America, unhas xornadas de literatura, un ciclo de cinema e mais as actuacións de músicos coma Octavio Vázquez ou Cristina Pato.

O [Instituto Cervantes](#) deu o seu apoio inmediato, pero a condición de que a Xunta o respaldase e se puidese chegar a un convenio financeiro. Porén, a consellaría de Cultura nunca se chegou a pronunciar sobre o proxecto, e meses despois, o Cervantes suspendeu a súa execución dentro do programa de actividades para o ano 2005.

Os promotores critican a política cultural da Xunta na emigración, e acúsana de "apoiar unicamente merendiñas". En Nova York a maior parte da poboación con pasaporte español é de orixe galega.